

RODIN

[Jacques Doillon, 2017]

428

ESTREA EN NUMAX: 24.08.2018 | V.O.S.E. | TP

Rodin (2017, 119')

Dirección: Jacques Doillon

Guión: Jacques Doillon

Elenco: Vincent Lindon, Izïa Higelín, Séverine Caneele, Edward Akrouit, Olivia Baes, Patricia Mazuy, Magdalena Malina, Zina Esepiciuc, Lea Jackson, Anthony Bajon

Son: Erwan Kerzanet

Montaxe: Frédéric Fichet

Vestuario: Pascaline Chavanne

Música: Philippe Sarde

Fotografía: Christophe Beaucarne

Produtoras: Les Films du Lendemain, Artémis Productions, France 3 Cinéma (Francia)

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Mis escenas de lucha, 2013

Un mariage à trois, 2010

Ponette, 1996

El pequeño criminal, 1990

La chica de quince años, 1988

La golfilla, 1979

La mujer que llora, 1979

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Sección oficial)

SINOPSE

París 1880. Aos seus 40 anos, Auguste Rodin recibe un encargo do estado que dará pé a algunhas das esculturas máis relevantes da historia. Mentres tanto, comparte a súa vida con Rose, o seu amor de toda a vida até que coñece a Camille Claudel, unha destacada alumna que se converte na súa asistente e, máis tarde, a súa mestra, coa que ademais iniciará unha relación de amor e admiración mutua que marcará a súa vida e a súa carreira.

«Unha fita que se centra nas obsesións e o proceso creativo do pai da escultura moderna, deixando de lado as anécdotas e os escándalos.»

André Didyme-Dome, ROLLING STONE



“Sempre quixen que os corpos dos meus personaxes falasen”

Entrevista a Jacques Doillon

Que o levou a facer *Rodin*? Unha casualidade. Cando estreei o meu último filme, *Mis escenas de lucha* (2013), dous produtores de documentais puxéronse en contacto comigo e dixéronme que lles lembraba a Rodin. Aproximábase o centenario da morte do escultor e preguntáronme se me gustaría dirixir un documental sobre el. Coñecía a súa obra, pero iso era todo. Estivera varias veces no museo pero non tiña chegado máis lonxe. Aceptei facer un documental, pero axiña comecei a imaxinar escenas ficticias para dar vida á besta. Mentres escribía, a ficción comezou a impoñerse e comprendín que non estaba interesado nin me sentía capaz de facer un documental, que precisaba actores. Así que rexeitei a oferta e seguí a escribir. Cando rematei o primeiro borrador reuníme con Vicent Lindon que se mostrou entusiasmado co proxecto. Vicent foi o verdadeiro impulsor. Kristina Larsen quería producir o filme e así é como o proxecto se puxo en marcha.

A dimensión física e sensual de *Mis escenas de lucha* lembran o traballo tremendamente sensual de Rodin... No cinema centrámonos nos rostros e as palabras pero os corpos non soen expresar gran cousa e decote parecen mortos. Sempre quixen que os corpos dos meus personaxes falasen. É certo que os directores tamén queren traballar con actores cuxo movemento ou linguaxe corporal aprecien. E é nesa característica na que aparece Rodin: os seus corpos expresan moito e o feito de que eu dirixa este filme sobre el non é casualidade.

Ao comezo queda claro que para Rodin, a arxila é o material máis nobre dentro da xerarquía dos materiais. Dinos isto algo sobre a relación cos materiais e a vida? Si, porque a arxila é unha materia viva. Tes que mesturala, batela, dobrala e amasala porque non podes traballar con ela inmediatamente. Chega un intre no que se volve viva e tes que aproveitar ese intre para dotala de vida; porque pouco despois diche que está cansa, vólvese inútil e preguiceira. É moi interesante traballar cun material que está tan vivo. Entendo por que Rodin permitiu aos seus discípulos que reproducisen as súas obras (de xeito idéntico) en mármore e pedra; eses materiais mortos non lle permitían seguir a investigar. Podía volver á arxila unha e outra vez, producindo moitos modelos. E facelo durante anos e anos até sentirse totalmente satisfeito. Como di Rodin: «é na arxila onde atopo as miñas formas». E a arxila é como a pel, pódese cepillar e aloumiñar.

A noción de traballo é un eixo fundamental do filme... Rilke explicouno á perfección: «Vinte ver para che preguntar: como se debe vivir? E ti respondiches: Traballando». Coido que todos, desde Camille Claudel até Rilke, entre outros moitos, teñen esa capacidade para estaren constantemente concentrados no seu traballo. Isto é o que conta Zweig: Rodin estálle a amosar o taller cando de súpeto quito a tea mollada que cubría unha das súas esculturas e comezou a tocala. Zweig admirábo en silencio. Cando Rodin rematou, foi pechar a porta do taller e sorprendeuse ao atopar que había un estraño dentro! Esquecérase por completo da visita do escritor.

O gran pracer de rodar tamén reside na sorpresa de descubrir a veracidade dunha escena logo da decimoséptima toma. Algo totalmente novo e descoñecido virou tan críbel que me fai esquecer por completo o que escribín e o que levamos a traballar durante dúas ou tres horas. Así que entendo moi ben o traballo de Rodin, que tardou sete anos en rematar o seu *Balzac*. Non estar satisfeito cun propio e a idea de que con traballo e reflexión un pode rematar atopando algo satisfactorio. Tamén entendo por que despois de todos eses anos investidos no seu *Balzac*, Rodin quería ter instantáneas. Nos seus debuxos non hai pausas, non hai afectación, é un xesto puro. Os seus debuxos son tan valentes, tan libres e tan fermosos que podemos afirmar que son tan impresionantes como as súas esculturas.

Publicado en <http://www.caramelfilms.es>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Rodin, Ilse Schneider-Lengyel. Phaidon, 2003
Rodin en verso, Aleister Crowley. Igitur, 1999
Auguste Rodin, Raine Maria
Rilke. José J. Olañeta, 2017
Rodin. El infierno, Catherine Chevallot. Fundación Mapdre, 2017
Camille Claudel da con Auguste Rodin, Willi Blöss. SD Editions, 2018
Las catedrales de Francia, Auguste Rodin. Abada, 2014
El vestido azul, Michèle Desbordes. Periférica, 2018

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate agora e ven sempre por 4€

Novas tarifas válidas a partir do 6 de xullo

Faite NUMAX!